

**I Congreso de Novas Investigacións en Humanidades:
Historia, Arte, Patrimonio e Cultura**

17 de outubro de 2025

Salón de Graos. Facultade de Humanidades (Lugo)

Coordinación: Rubén Castro Redondo, Patricia Cupeiro López

Chamada a contribucións

As Humanidades e os estudos culturais están a redefinir os seus enfoques e metodoloxías nos últimos tempos para responder aos desafíos contemporáneos no ámbito da investigación. Así, a colaboración con outras áreas de coñecemento xera novos espazos de diálogo arredor da incorporación dos avances tecnolóxicos e a ética profesional, a perspectiva de xénero, os enfoques interseccionais e decoloniais ou a preocupación polo cambio climático, entre outros.

Co gallo de ofrecer ao estudantado pre e postdoutoral unha visión ampla e crítica da carreira investigadora nas disciplinas do contexto das Humanidades (Historia, Xeografía, Arte, Antropoloxía, Filosofía, Filoloxía, Literatura...) e os posibles campos de acción profesional vencellados á investigación, este congreso pretende abordar a convivencia entre saberes nas investigacións máis recentes, en relación con ámbitos como as Humanidades Dixitais, a Historia, a Arqueoloxía, a Paisaxe, a interpretación do Patrimonio, a Intelixencia Artificial, a Xestión Cultural, o Turismo ou as Industrias Creativas. A intención é poñer o foco nos proxectos de investigación do estudantado, con especial atención aos enfoques emerxentes, transdisciplinares e innovadores.

Envío de propostas:

Convidamos ao estudantado en formación a enviar as súas propostas de comunicación relacionadas con proxectos de tese doutoral, traballos de fin de mestrado ou calquera outro tipo de proxecto de investigación emerxente que estea en curso.

As inscricións realizaranse a través do seguinte [FORMULARIO](#).

A extensión máxima dos resumos será de 400 palabras, e incluírá a seguinte información

Título e palabras chave (3-5 palabras)

Autoría: correo electrónico de contacto; centro e universidade onde se desenvolve o proxecto; nome do director/a e/ou titor/a do proxecto

Proposta: Introducción, obxetivos, metodoloxía e resultados ou conclusións

Idioma: galego, castelán, portugués e inglés

Datas chave:

Entrega de propostas: ata o 15 de setembro de 2025

Aceptacións: ata o 25 de setembro de 2025

Celebración: 17 de outubro de 2025

Comité Científico

Mariña Bermúdez Beloso, Historia Medieval

Ana Cabana Iglesia, Historia Contemporánea

Edgard Camarós Pérez, Prehistoria

Miriam Elena Cortés López, Historia da Arte

María Dolores Dopico Caínzos, Historia Antiga

Begoña Fernández Rodríguez, Historia da Arte

Francisco Javier Garbayo Montabes, Historia da Música

Domingo Luis González Lopo, Historia Moderna

María Isabel González Rey, Filoloxía Francesa

Xosé Nogueira Otero, Historia do Cinema

Luzia Oca González, Antropoloxía Social

Delmiro Rocha Álvarez, Filosofía

María Carme Silva Domínguez, Filoloxías Galega e Portuguesa

Xosé Santos Solla, Xeografía Humana